

Suxestión dirixida á Consellería de Política Social e Igualdade para que valore considerar acreditada a condición de familia monoparental cando se probe por calquera medio válido en dereito, incluíndo os convenios reguladores non ratificados xudicialmente.

Expediente: S.7.Q/1620/24

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2024

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.<sup>ª</sup> XXX, co DNI núm. XXX, en relación coa denegación da súa solicitude de recoñecemento da condición de familia monoparental.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a Administración adoptou esa decisión ao entender que o convenio regulador que achegaba a interesada, protocolizado ante notario, debía ser obxecto de ratificación xudicial para producir efectos. Con todo, a persoa que promoveu a queixa non entendía ese requirimento, habida conta de que, segundo manifestaba, podía acreditar por outros medios que estaba facendo fronte ao coidado da súa filla en solitario.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu. Nel, indica o seguinte:

O 2 de xaneiro de 2023 XXX presentou no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (XXX), unha solicitude de recoñecemento da condición de familia monoparental dirixida á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Logo de analizar a solicitude, advertiuse que non reunía os requisitos esixidos para o recoñecemento da condición de familia monoparental.

O 23 de xaneiro de 2023 requiríuselle á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, achegara copia da sentenza xudicial que aproba/ratifica o convenio regulador de data 30 de xullo de 2018.

O 27 de xaneiro de 2023 presentou escrito no que expón que o día 2 de xaneiro de 2023 enviou toda a documentación necesaria para solicitar o certificado de familia monopa-

rental, excepto unha resolución xudicial do convenio de divorcio, dado que nunca mantivo unha relación sentimental co pai da súa filla, nin estivo casada con el, nin foi parella de feito súa, nin conviviu con el. No seu momento, o pai recoñeceu á súa filla biolóxica, froito dunha relación casual e efímera, pero el é un cidadán XXX e sempre viviu nese país. Cando a súa filla naceu trasladouse a vivir a España e el quedou alí, polo que ten máis dereito se cabe que calquera persoa para ser considerada monoparental, xa que durante moitos anos e ata a actualidade, nunca gozou do apoio que adoitan ter as parellas divorciadas de alternarse os fins de semana no coidado dos fillos.

O 01 de febreiro de 2023 presenta escrito de alegacións no que indica que nunca estivo casada nin mantén relación sentimental algunha co pai biolóxico da súa filla, que vive en XXX desde o ano 2006, ano de nacemento da súa filla. Por tanto, non procede presentar unha "copia da sentenza xudicial que aproba/ratifica o convenio regulador de data XXX de 2018". Presenta convenio regulador de data XXX de 2018, protocolizado ante notario (xa presentado na solicitude do certificado de familia monoparental).

De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia é á convivencia de Galicia enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que conviva con outra persoa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes e as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas ou fillos sen que haxa custodia compartida.

Dado que figuraban dous proxenitores requiriuse á interesada co fin de que achegase sentenza ou o convenio regulador que determine as obrigas de ambos proxenitores respecto da súa filla.

As obrigas dos proxenitores con respecto aos seus fillos en caso de ruptura das parellas non varían en función de que aqueles estivesen ou non unidos en matrimonio. En caso de parellas de feito ou unións non matrimonial será preciso que inicien un proceso xudicial de adopción de medidas paterno-filiais que regulen os dereitos e obrigas de ambos proxenitores respecto aos seus fillos. Este convenio para ser plenamente eficaz require a súa ratificación xudicial con informe previo do Ministerio Fiscal no caso de estar involucrados menores ou persoas con discapacidade.

A ratificación do convenio coa participación do Ministerio Fiscal é unha garantía que debe ser aplicada en todos os procedementos relacionados coa custodia, en aras a garantir o interese superior da persoa menor, e que motiva que esta Dirección Xeral, en aplicación das súas competencias, o estableza como criterio necesario para o recoñecemento da condición de familia monoparental.

Polo tanto, e tendo en conta que o convenio regulador non foi obxecto de homologación xudicial non se recoñece a condición de familia monoparental

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1. O artigo 13.1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia dispón o seguinte:

Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

2. Neste caso, non se discutiu que a interesada non convive con outra persoa coa que teña unha relación análoga á matrimonial nin que resida coa súa filla. Xa que logo, só lle restaría acreditar que a súa filla está a cargo dela sen que exista custodia compartida. A Administración entende que non o demostra, toda vez que o convenio regulador que achegou non foi obxecto de ratificación xudicial.
3. “Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderanse acreditar por calquera medio de proba admisible en dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil [LAC]”, consonte o artigo 77.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

4. Neste sentido, a xurisprudencia do Tribunal Supremo establece que os convenios reguladores, aínda que non estean ratificados, son negocios xurídicos eficaces e válidos (sentenza núm. 615/2018, do 7 de novembro, ECLI:ES:TS:2018:3739, FD 3º).
5. O convenio outorgado ante notario é un documento público (art. 317 LAC), que fai proba plena do feito, acto ou estado de cousas que recolle (art. 319.1 LAC).
6. Pois ben, o convenio dispón o cesamento da convivencia de ambas as partes e atribúelle a garda e a custodia da filla menor á nai. Tamén prevé un réxime de visitas a favor do pai; mais non unha custodia compartida.
7. Fronte a esta proba, a Administración non constatou unha realidade fáctica alternativa. En consecuencia, en principio, non cabe presumir que existe unha custodia compartida entre o pai e a nai, máxime cando se, como afirma a interesada —e a consellería non cuestiona—, o pai reside en XXX.
8. Con todo, a Administración si manifestou a súa preocupación con respecto ao interese superior da filla menor, que esixe que a autoridade xudicial ratifique o convenio.
9. Certamente, as persoas menores teñen dereito a que o seu interese superior se valore e considere como primordial en todas as accións e decisións *que lles afecten*, tanto no ámbito público coma no privado, consonte o artigo 2.1 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM). Deste xeito, preténdese velar por eles, dado que “por su corta edad, carecen de los resortes emocionales necesarios y madurez de juicio suficiente para velar por sus propios intereses; todo ello con la finalidad de que no sufran ni experimenten situaciones peyorativas” (sentenza do Tribunal Supremo núm. 234/2024, do 21 de febreiro, ECLI:ES:TS:2024:1097, FD 3.2).
10. Con todo, non alcanza a comprenderse en que medida *afecta* á filla menor que a Administración considere a súa como unha familia monoparental. Tampouco parece que a expoña a un perigo; máis ben ao contrario. En efecto, ese recoñecemento facilita o acceso á renda de inclusión social de Galicia e a outras axudas, ao programa “Vacacións Familiares” e aos campamentos e ás residencias xuvenís.
11. Convén recordar que o interese superior da persoa menor esixe considerar a satisfacción das súas necesidades básicas, tanto materiais, físicas e educativas como emocionais e afectivas, consonte o art. 2.2.a LOPXM. As medidas referidas no apartado anterior contribúen a ese obxectivo, de maneira que a súa denegación atenta, en principio, contra o seu interese superior.

12. En definitiva, non parece que a falta de ratificación xudicial do convenio afecte ao interese superior da menor no ámbito concreto do recoñecemento da condición de familia monoparental. Deste xeito, non cabe que a Administración denegue a consideración de familia monoparental á que se ten dereito como forma de coerción para que os proxenitores homologuen xudicialmente o acordo.
13. Con independencia das consideracións anteriores, conséntase que a filla da persoa que promoveu a queixa fixo 18 anos o XXX de 2024. En consecuencia, xa non está suxeita á patria potestade (arts. 239.1 e 169.2º do Código civil) nin ao réxime tuitivo establecido na LOPXM.

### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, **suxerirle a esa consellería que valore considerar acreditada a condición de familia monoparental cando se probe por calquera medio válido en dereito, incluíndo os convenios reguladores non ratificados xudicialmente.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo